

Fondos extraordinarios para servizos sociais na crise do coronavirus

- ⇒ **Resumo dos artigos 1, 2 e 3 do capítulo I do RD-lei 8/2020, de 17 de marzo**, de medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19.
- ⇒ **A FEGAMP recomenda a lectura do texto íntegro** publicado no BOE núm.73 do 18 de marzo de 2020 para coñecer todas as casuísticas.

Segundo o publicado no Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para afrontar o impacto económico e social do COVID-19,

1.- O Goberno repartirá un crédito de 300 millóns de euros entre as comunidades autónomas, Ceuta e Melilla para prestacións básicas de servizos sociais en situacións derivadas do COVID-19.

Estes fondos poderanse utilizar para:

- a) Reforzar o SAF, especialmente aos maiores, persoas con discapacidade ou en situación de dependencia, para compensar o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e servizos similares.
- b) Incrementar e reforzar a teleasistencia domiciliaria, aumentando os contactos de verificación e a vixilancia dos beneficiarios do servizo.
- c) Trasladar ao domicilio, de ser preciso, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, hixiene e similares, considerando suspender a atención diurna en centros.
- d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar co persoal e medios materiais axeitados, e posibilitar a ampliación do tempo de estancia da súa intensidade.
- e) Reforzar os cadros de persoal de centros de servizos sociais e centros residenciais en caso de que sexa necesario realizar substitucións.

- f) Adquisición de medios de prevención (EPI).
- g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias para asegurar as súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.
- h) Reforzar os servicios de respiro a cuidadores e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) con baixos ingresos e que necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.
- i) Outras medidas que as comunidades autónomas, en colaboración cos servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender a personas especialmente vulnerables con motivo desta crise, e sexan debidamente xustificadas.

2.- As entidades locais e as deputacións están autorizadas a utilizar parte do superávit de 2019 nunha cantidade equivalente ao crédito recibido da Xunta de Galicia previsto no punto anterior. Poderán empregar este diñeiro nos mesmos supostos que o crédito e en gastos de investimento.

As deputacións poderán imputar tamén os gastos que asignen a concellos que cumplan os requisitos de endebedamento e tesourería.